



Asemblea Local do BNG en Meis

Avd. de Cambados s/n

36637 O Mosteiro (O Salnés-Galiza)

Tlf:986-565059

E-mail: salnes@bng-galiza.org

MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O DECRETO QUE REGULA OS PARQUES INFANTÍS

M^a do Carme Martínez Rodiño, Portavoz do Bloque Nacionalista Galego (Grupo Mixto), ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate e posterior aprobación, se procede, polo Pleno Municipal,

EXPÓN

O Decreto 245/2003 é unha norma que obriga aos titulares dos parques infantís a manter e conservar estas instalacións coa obriga de realizar inspeccións anuais, así como incide nas medidas de seguridade necesarias que deben cumprir.

Este decreto que data do ano 2003 entrou en vigor en xaneiro do 2008, polo que tivo un periodo de caseque 5 anos para os parques infantís á nova norma. Xa no ano 2006, o BNG realizou unha pregunta neste sentido nun Pleno Municipal ao que se lle contestou desde o Goberno Municipal que xa estaban traballando en solventar este tema.

Neste mes de Decembro, rematando o ano 2008, observamos que non hai nada feito pola Equipa de Goberno, o estado dos Parques de titularidade pública permanece igual que sempre e os privados de uso público, todos eles de propiedade comunal, non teñen noticias sobre o asunto. Istos propietarios son responsabeis da situación, aínda que entendemos que o Concello poido facer algo dentro das súas funcións. Máis cómpre ter vontade política para solucionalo. Hoxe por hoxe, nengún parque infantil do concello de Meis cumpre os requisitos que marca a Directiva.

Para o BNG, trátase dun asunto importante porque estamos falando, entre outras cousas, da seguridade dos nenos e nenas. Para que nos fagamos unha idea esta norma vai desde a sinalización e marcación do recinto e a

conservación e oxidación dos parafusos até o uso de valado. Son requisitos mínimos que sirven para evitar riscos para os nosos rapaces, situándoos en zonas nas que se eviten a contaminación atmosférica e acústica, tendidos eléctricos, vertedoiros e canalizacións de auga de gran capacidade. Apartados a 30 metros da calzada ou protexidos por un valado. Deben contar con fontes que cumpla cos requisitos de potabilidade da auga e a superficie do parque formada por materiais blandos, etc.

Trátase dunha normativa importante para a seguridade dos nenos que debemos cumprir estrictamente e polo que o concello de Meis tivo 5 anos para poñer en marcha.

Por todo isto, o Bloque Nacionalista Galego insta ao Pleno Municipal de Meis a acadar os seguintes **ACORDOS**:

- 1. Que o Concello de Meis adapte de maneira urxente os Parques infantís de titularidade municipal ao Decreto 245/2003.**
- 2. Que o Concello de Meis informe aos propietarios privados dos parques infantís de uso público do decreto e lles esixa o cumprimento inmediato do Decreto.**

No Mosteiro, Meis, a 15 de Decembro do 2008

Asdo: M^a do Carme Martínez Rodiño
Portavoz do BNG en Meis

Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de Meis